



EXAME TEST ASISTENTE SOCIAL

Nome..... DNI

Apelidos.....

1.- A Constitución Española de 1978 reconece a igualdade de todos os españois?

- a) si, no art. 14.
- b) non.
- c) distingue entre tipos de españois.

2.- De que trata o título VII da Constitución Española de 1978:

- ~~a) Da administración e do goberno.~~
- ~~b) Da reforma constitucional~~
- ~~c) Da organización territorial do Estado.~~

3.- Dacordo co art. 25.2 Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, o municipio exercerá en todo caso competencias nos termos da lexislación do estado e da CA nas seguintes materias:

- a) Protección da salubridade pública.
- b) A Lexislación sectorial do estado e da comunidade autónoma non poden atribuír competencias as EELL.
- c) Materias que poidan ser concretadas posteriormente á lei estatal mediante directiva comunitaria.

4.- Os interesados nun procedemento poderán aducir alegacións:

- a) En calquera momento do procedemento anterior a súa resolución
- b) En calquera momento do procedemento, con anterioridade ao trámite de audiencia
- c) Soamente no caso de que a falta de alegacións puidera producir indefensión.

5.- A desestimación por silencio administrativo nun procedemento iniciado a solicitude do interesado, ten o seguinte efecto:

- a) Permitir a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo procedente.
- b) Non permite a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo procedente
- c) So permite a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo procedente cando afecte a intereses públicos.

6.- A competencia para ditar bandos segundo o art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local correspóndelle a:

- a) Alcalde.
- b) Xunta de Goberno.
- c) Pleno.

7. Segundo o art. 22 da Lei 7/1985, é competencia de pleno a seguinte materia:

- a) Aprobación de Regulamento Orgánico e ordenanzas.
- b) Aboar as nóminas.
- c) Xefatura da Policía

8.- A revisión de oficio de disposicións e actos nulos, procederá para actos administrativos que puxeran fin á vía administrativa ou non foran recorridos en prazo:



- a) Nos supostos previstos nos art. 47 e 48 da Lei 39/2015.
- b) Nos supostos previstos no art. 48.1 da Lei 39/2015.
- c) Soamente cando se infrinxan as ordenanzas municipais.

9.- Segundo o Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, son empregados públicos:

- a) Só os funcionarios de carreira.
- b) Nunca o persoal laboral se considera empregado público.
- c) Os funcionarios de carreira, os funcionarios interinos, o persoal laboral fixo, indefinido ou temporal e o persoal eventual.

10.- En que artigo da Constitución española se regula o dereito á saúde?

- a) No artigo 44 CE.
- b) No artigo 43 CE.
- c) Non se regula na Constitución, senón na lei.

11.- O mandato constitucional aos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, recóllese:

- a) Na Constitución española dentro do Capítulo III do Título I.
- b) Na Constitución española dentro do Capítulo II do Título I.
- c) Na Constitución española dentro do Capítulo I do Título I.

12.- Son elementos do Municipio:

- a) O territorio, a poboación e os concelleiros.
- b) Os concelleiros, o territorio e o padrón de habitantes.
- c) A organización, a poboación e o territorio.

13.- Durante a tramitación da ordenanza fiscal reguladora do servizo de axuda no fogar realízase unha exposición ao público da mesma para a realización de alegacións por un prazo de:

- a) 15 días.
- b) 30 días.
- c) 10 días.

14.- En todos os municipios, segundo a lei 7/85 se debe prestar o servizo de:

- a) Biblioteca.
- b) Limpeza viaria.
- d) Servizos sociais.

15.- ¿Que é un acto administrativo definitivo?

- a) É o que non se pode recorrer.
- b) É o que pon fin ao procedemento administrativo.
- c) É o ditado pola Administración en vía de recurso exclusivamente.

16.- ¿Que normativa regula o Servizo de Axuda no Fogar da Comunidade Autónoma de Galicia?

- a) Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar .
- b) Decreto 99/2012, do 16 de marzo, pola que se regula o servizo de axuda no fogar .
- c) Decreto 99/2012, do 16 de marzo, pola que se regula o servizo de axuda no fogar .

17.- Entendemos por informes preceptivos e non vinculantes:



- a) Aqueles que son obrigatorios emitilos como parte do procedemento, pero o contido dos mesmos só obriga á Administración si favorecen ao interesado.
- b) Aqueles que son obrigatorios emitilos como parte do procedemento, pero o contido dos mesmos non obriga á Administración á hora de resolver.
- c) Aqueles que non son obrigatorios emitilos como parte do procedemento, e o contido dos mesmos só obriga á Administración si favorecen ao interesado.

18.- Na Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia garántese:

- a) O dereito de acceso universal ao sistema galego de servizos sociais nos termos recoñecidos no artigo 5 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia.
- b) A proximidade ás persoas usuarias ós servizos sociais.
- c) O carácter rehabilitador de toda intervención social realizada con persoas ou grupos diversos.

19.- A renda de inclusión social de Galicia defínese :

- a) A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación destinada a garantir recursos económicos a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.
- b) A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral.
- c) A renda de inclusión social de Galicia (RISGA) é unha prestación pública destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar progresivamente a súa autonomía e integración social e laboral, mediante o dereito e o deber a participar en procesos personalizados de inserción con apoio técnico e financeiro do Sistema galego de servizos sociais e do Sistema público de emprego de Galicia.

20.- Na Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia regúlanse axudas vinculadas a:

- a) Ao uso da vivenda.
- b) A a) e c) son correctas.
- c.) Destinadas ao equipamento mobiliario básico da vivenda.

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Nos procedementos iniciados de oficio, segundo a Lei 39/2015, existe a obriga de resolver?

- a) nunca.
- b) sempre existe esta obriga para as administracións públicas.
- c) existe se o solicita o interesado.

2.- ¿En que título da Constitución Española se regulan os dereitos e deberes fundamentais de todos os españois?

- a) No título preliminar.
- b) No título I.
- c) No título II.

3.- Os recursos que caben, en vía administrativa, contra as disposicións administrativas de carácter xeral son:

- a) O recurso de alzada
- b) O recurso de reposición
- c) Ningún dos anteriores